

# I EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA”

## 1.- FINALIDADE

Convócase a I Edición do Concurso Fotográfico “A Cultura do viño na Ribeira do Ulla”. Con este Certame o Concello de Vedra quere contribuír á creación artística, a fomentar a divulgación da fotografía e a poñer en valor a cultura do viño na Ribeira do Ulla.

## 2.- PARTICIPANTES

Poderán optar ao Concurso todas as persoas físicas que o soliciten e cumpran co establecido nas bases.

Aqueles que sexan menores de idade no momento da inscrición deberán contar coa autorización do seu pai/nai ou titor/a legal, debendo indicar os datos destes na ficha de inscrición.

As fotografías non terán sido publicadas en internet, redes sociais e páxinas web.

As fotografías non poderán ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames.

As persoas participantes responsabilízanse totalmente de ser as únicas autoras, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas a concurso.

## 3.- TEMAS

Establécese unha única categoría de participación.

O tema das obras a presentar pode ser calquera relacionado co establecido nas seguintes modalidades:

- A paisaxe, o patrimonio, a tradición e a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla (Modalidade 1)

- Os labores para o coidado do viñedo (Modalidade 2)
- A vendima (Modalidade 3)
- A elaboración do viño na adega (Modalidade 4)

As obras deben situarse no territorio da Subzona Ribeira do Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas, que comprende os concellos de Vedra, Boqueixón, Teo, Touro, Padrón, A Estrada, Silleda, e Vila de Cruces. As fotografías deben ser o suficientemente identificables.

#### **4.- NÚMERO DE OBRAS**

Cada autor ou autora poderá presentar un número máximo de oito obras, dúas por modalidade.

#### **5.- FORMATO DAS FOTOGRAFÍAS**

A técnica fotográfica será libre. Só se poderán presentar traballos en formato dixital, en formato JPEG (como mínimo 4.000 píxeles no seu lado maior, 3 MB de tamaño a 300ppp de resolución, espazo de cores RGB).

Non deberán incluír bordes, marcas de auga nin sinaturas.

Deberá figurar na información do arquivo orixinal da fotografía, a data da creación da mesma, que se poderá realizar dende a publicación das bases da convocatoria (8 de abril de 2021) ata o 12 de novembro de 2021.

Permítese a edición fotográfica.

Non está permitido o retoque fotográfico (engadir, suprimir, desprazar ou redimensionar elementos da fotografía).

Só se admitirán os axustes que afecten a:

- a)- Clonacións de manchas no sensor, axustes de máscara de enfoque, saturación, contraste, niveis e outros axustes necesarios en todo revelado dixital: estes axustes deberán aplicarse a toda a imaxe.
- b) Enfoque moderado, redución de ruído, limpeza de partículas e corrección de distorsións e aberracións ópticas.

c) Admítense imaxes convertidas a escala de grises (B e N). Non serán admitidas as imaxes con conversións selectivas de partes das mesmas.

d) Os metadatos EXIF da cámara deberán manterse intactos no arquivo de cada fotografía que se presente a concurso. É imprescindible que conteña a data de captura da fotografía.

Así mesmo, o arquivo nativo da cámara (RAW ou JPG orixinal) deberá conservarse, xa que pode ser requirido pola organización ou o xurado para ser cotexados co arquivo enviado para participar. A estes efectos, tamén serán admitidos os ficheiros DNG sempre que foran os utilizados pola cámara para rexistrar en orixe a imaxe. No caso de ser requirida, a non presentación dos arquivos orixinais suporán a descualificación da fotografía.

## **6.- PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

Os arquivos enviaranse exclusivamente a través da páxina web [www.wetransfer.es](http://www.wetransfer.es) utilizando a seguinte dirección de correo electrónico: [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com). Xunto ás imaxes, as persoas participantes deberán incluír o formulario de inscrición que se facilita xunto a estas bases.

## **7.- PRAZO DE ADMISIÓN**

A imaxes deberán realizarse a partir da publicación desta convocatoria.

As fotografías poderán presentarse a través dos medios descritos a partir da publicación da presente convocatoria e ata as 24 horas do 12 de novembro de 2021. O prazo será improrrogable.

## **8.- DEREITOS DE AUTOR E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

O certame respectará os dereitos de autor/a das fotografías premiadas, que seguirán estando en posesión dos/as mesmos/as. Non obstante, o Concello de Vedra creará un fondo coas obras premiadas. Todas elas poderán ser utilizadas en actividades sen fins de lucro: edición de folletos, carteis, páxina web e similares, citando sempre o nome do/a autor/a.

## **9.- EXPOSICIÓN**

O Concello de Vedra levará a cabo unha exposición fotográfica itinerante cunha selección das obras presentadas a concurso, así como coas premiadas; citando sempre o nome do/a autor/a.

## **10.- PREMIOS**

A dotación total do premio é de 1.200 €.

Establécense os seguintes premios, un por cada modalidade:

- A paisaxe, o patrimonio, a tradición e a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla. O premio será de 300 €
- Os labores para o coidado do viñado. O premio será de 300 €
- A vendima. O premio será de 300 €
- A elaboración do viño na adega. O premio será de 300 €

Ningún dos/as participantes poderá obter máis dun premio.

## **11.- XURADO**

O xurado estará formado por un grupo de cinco persoas: o alcalde, ou a persoa na que delegue, a concelleira de cultura e tres persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe.

O secretario será o do concello ou persoa na que delegue, con voz pero sen voto.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se as obras presentadas non chegaran á calidade prevista pola organización.

## **12.- RESOLUCIÓN**

A decisión do xurado farase pública dentro do mes seguinte ao remate do prazo de entrega das obras.

O fallo será comunicado ás persoas gañadoras por teléfono e por correo electrónico.

Tamén se informará do lugar, día e hora do acto público de entrega de premios e darase a coñecer a través dos medios de comunicación.

### **13.- CONSULTAS**

Para a resolución de consultas dos/as participantes a organización pon á súa disposición o correo electrónico: [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com).

### **14.-PROTECCIÓN DE DATOS**

**Responsable:** Concello de Vedra; **Finalidade:** Promoción, solicitude, inscrición e xestión da participación en actividades culturais, educativas e deportivas.; **Lexitimación:** Misión en Interese público: O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos. Artigo 25 da Lei reguladora de bases de réxime local; **Destinatarios:** Están previstas cesións de datos a: terceiros; **Dereitos:** Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a [correo@concellodevedra.com](mailto:correo@concellodevedra.com); **Procedencia:** O propio interesado; Información adicional: [www.concellodevedra.es/politica-privacidade](http://www.concellodevedra.es/politica-privacidade).

En Vedra, a 5 de abril de 2021

A handwritten signature in blue ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'CONCELLO DE VEDRA' and '15 DE ABRIL DE 2021'.

Asdo: O Alcalde

